



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2016

REUNIDOS

Don conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don, con DNI, presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, con CIF....., que actúa en nome e representación desta entidade segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que de acordo co que dispoñen o Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.
2. Que as dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega (en adiante PNL) que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de



Galicia na súa sesión do día 22 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade.

3. Que no ámbito da Administración autonómica de Galicia o órgano que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega é a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e para abranguer todos os eidos sociais debe procurar a colaboración, na medida do posible, con outras asociacións ou entidades que traballan a prol do galego dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que representa a un importante colectivo de persoas que serven ás administracións públicas e na que conflúen funcionarios de diferentes áreas. Desde os seus inicios, esta entidade desenvolve un importante labor a prol da defensa do idioma galego e de cara á completa normalización da lingua galega nos ámbitos nos que desenvolve as súas actividades.
5. Que a galeguización da Administración figura como obxectivo prioritario e estratéxico entre os sectores recollidos no citado plan e no que se necesitan implantar unha serie de medidas para estender a presenza da lingua galega nas súas relacións laborais e, en especial, coa cidadanía.
6. Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que promove a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística de Galicia coa finalidade de impulsar e desenvolver, conxuntamente coas administracións públicas galegas e en especial coa Xunta de Galicia, actuacións e traballos destinadas ao funcionariado para mellorar a súa aptitude de cara á lingua no ámbito da Administración, polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para tal fin.
7. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia son conscientes da relevancia do proceso de normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as institucións galegas, e por iso manifestan a súa vontade de continuar colaborando no ano 2016 na promoción e fomento da lingua galega.

Polo exposto, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes:



ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Asociación de Funcionarios para dinamizar o proceso normalizador entre o persoal das distintas administracións públicas que prestan servizos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a impulsar o uso e a defensa da lingua galega, de xeito que todo o funcionariado destinado en Galicia domine a lingua galega nas súas versións oral e escrita e poda atender e informar en galego.

Segunda.- Obrigas da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

En cumprimento das obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio Política Lingüística e a Asociación de Funcionarios colaborarán na realización en lingua galega das seguintes accións:

- Mantemento das páxinas web da Asociación de Funcionarios, da Irmandade Xurídica Galega (IXUGA), da Irmandade da Sanidade Galega (ISAGA) e mantemento da canle.TV. As páxinas web están incardinadas dentro do portal “GaleguizarGalicia.com” no que se transmiten constantemente actos, reportaxes publicitarias, entrevistas e programas específicos que espallan unha mensaxe galeguizadora na sociedade e promoven unha maior aceptación do feito diferencial.
- Acción *En galego agora e sempre*, en relación coas derradeiras vontades das persoas. Actuacións a prol da recuperación da memoria en distintos concellos de Galicia.
- Actos da Irmandade Xurídica Galega (IXUGA) para exemplificar o uso da lingua galega no ámbito xurídico. Este ano realizarán a Asemblea anual da Irmandade Xurídica, en Monforte de Lemos por ser nesta vila onde iniciou a súa andaina as Irmandades da Fala que cumpren este ano o seu centenario.
- Accións da Irmandade da Sanidade Galega (ISAGA) para promover o uso da lingua galega no ámbito profesional da sanidade do sector público e privado en Galicia. Este ano realizarán a súa asemblea en Monforte de Lemos para buscar a relación entre as



Irmandades e os médicos, veterinarios e boticarios da zona. Así mesmo se nomearán novos irmandiños.

A Asociación encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitarlle á Asociación de Funcionarios, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O orzamento das actividades previstas neste convenio ascende a un total **quince mil cincocentos tres euros (15.503,00 €)**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará cunha achega de **quince mil euros (15.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria 10.30.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016.
- A Asociación de Funcionarios contribuirá coa cantidade restante de **cincocentos tres euros (503,00 €)**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta.- Xustificación e pagamento

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior a Asociación de Funcionarios entregará na Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa data límite do 30 de novembro de 2016, a seguinte documentación:



- Certificación (dúas copias) da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa implantación. Esta xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas (dúas copias).
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- Para control das actividades que se prevén no convenio, entregaranse un mínimo de tres exemplares dos traballos que se elaboren á Comisión de Seguimento prevista na estipulación décima.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A Asociación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.



Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega, no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación, será considerada causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data do seu asinamento e ata o 30 de novembro de 2016, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes por incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos, e non será posible a súa prórroga.



Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de Política Lingüística e dous representantes da Asociación de Funcionarios, presidida por un dos representantes de Política Lingüística, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De ser resolto o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se fose o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.



Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que poidan xurdir como consecuencia da execución e interpretación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asínanse tres copias do convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente da Asociación de
Funcionarios para a Normalización
Lingüística de Galicia